

METROPOLITANO.GAL

- AGENDA
- QUÉ HACER
- PLANES
- ENFOQUE
- EXTRA
- PEQUEOCIO




FOGONES



PORTADA > Enfoque

As bibliotecas centrais da UVigo comezan esta fin de semana cos seus horarios especiais



Compartir en Facebook



Compartir en Twitter



Compartir en Whatsapp



Coa finalidade de **facilitarlle ao estudantado a preparación dos exames do segundo cuadrimestre** e tamén das probas de avaliación da segunda convocatoria, a Biblioteca Universitaria comezará **esta próxima fin de semana cos seus horarios especiais**, que se estenderán ata o domingo 14 de xullo.

Por unha banda, as bibliotecas centrais **dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra** e a biblioteca de Torrecedeira terán deste este 27 de abril horarios especiais nas fins de semana, estando abertas entre as 09:00 e as 21:00 horas, tanto os sábados como os domingos. Ademais, terán os **mesmos horarios** os festivos do 1 e do 17 de maio e, en Pontevedra, o festivo local do 11 de xullo.

Más noticias

Vigo estrena el primer bufet libre de comida sirio-libanesa, que incluye platos sin gluten

🕒 24/04/2024

Desvelados menú, fechas y horarios de la food truck que el chef Dabiz Muñoz instalará en Vigo

🕒 24/04/2024

No que atinxe ás **aperturas nocturnas**, as bibliotecas centrais dos campus de Ourense e Pontevedra e a biblioteca de Torrecedeira ampliarán o seu horario ordinario ata a 01:00 horas de luns a venres, agás festivos, dende o 29 de abril ata o 28 de xuño. No mes de xullo, dende o día 1 ata o 12 de xullo, o horario nocturno rematará ás 00:00 horas.

Durante estes horarios nocturnos e de fin de semana, **as bibliotecas só prestan un servizo de espazo de estudo**, pero non outros servizos ordinarios como préstamo, préstamo interbibliotecario, acceso a recursos electrónicos etc.

Ademais, **entre o 1 e o 12 de xullo** e coincidindo co período de redución da xornada laboral nos meses estivais, ampliarase o horario ordinario ata as 21:00 horas de luns a venres, agás festivos, nas bibliotecas centrais dos **campus de Vigo**, Ourense e Pontevedra e a biblioteca de Torrecedeira.

As demais bibliotecas, con horario habitual

O resto das bibliotecas dos campus (facultades de Belas Artes, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Xurídicas e do Traballo, Filoloxía e Tradución, Enxeñaría Industrial-Minas, Enxeñaría de Telecomunicación e edificio de Ciencias Experimentais) **continuarán co horario habitual** de 08:30 a 20:45 horas.

Temas: bibliotecas Universidade de Vigo Vigo



Compartir en Facebook



Compartir en Twitter



Compartir en Whatsapp



¿TÚ QUÉ PIENSAS?

Agenda

ABRIL DE 2024



26⁻²⁸
ABR

**FESTA DO ALVARINHO E DO FUMEIRO DE
MELGAÇO**

FIESTA | MELGAÇO

Más noticias

ENFOQUE

Vigo estrena el primer bufet libre de comida sirio-libanesa, que

ENFOQUE

La Xunta apunta al ruido de las verbenas y pide "bajar un poco" los